



Principais cambios do RSS da predición por localidades

Introdución

O documento que se presenta a continuación contén a descrición dos principais cambios que sufrirá o RSS nas próximas semanas para a predición por localidades.

Este cambio débese a unha reestruturación dos contidos da web de Meteogalicia para incorporar a predición a curto e medio prazo de todos os concellos de Galicia. Para iso o RSS de predición por localidades será substituído por dous novos RSS, un deles contén a predición a curto prazo e outro a medio prazo.

Principais cambios

- O RSS de predición por localidades será substituído por dous RSS: un para o curto prazo e outro para o medio prazo.
- Debido a que se mostrará a predición para 315 concellos, elimínase o comentario específico para a localidade para curto prazo.
- Incorpóranse na predición a curto prazo tres novas etiquetas que conterán a información da probabilidade de choiva para a mañá, tarde e noite.
- A información do estado do ceo e do vento mostrarase con identificadores numéricos, tanto para curto como medio prazo.
- A predición para medio prazo sofre cambios importantes:
 - O estado do ceo e a súa probabilidade fúndese nun único dato “estado do ceo”.
 - Desaparece a tendencia para as temperaturas máxima e mínima e substitúese polo propio dato de temperatura máxima e mínima respectivamente.
 - A probabilidade de choiva e a tendencia de choiva fúndense nun único dato “probabilidade de choiva”.
 - A probabilidade de vento forte desaparece e publícase unha nova información que nos dará a dirección e intensidade do vento para cada día do medio prazo.
 - O comentario para medio prazo elaborado polo departamento de Predición poderá descargarse en galego e en castelán, en función da petición do *request_locale* ao RSS.